

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Nubeiros en Palas de Rei

Había unha parroquia que non lograba verse libre dos nubeiros pois non viña día que non fíxeran unha trasnada. O señor cura, que se deu conta de que o nubeiro quería facer das súas, armouse de paciencia e comezou a ler libros en latín e a botar bendicións cara un lado e cara o outro. Traballa que traballa, non lle quedaba parte do corpo que non estivese suada.

Despois de dúas horas de rogativas conseguiu que o nubeiro baixase. Fíxolle poñerse de xeonllos cos ollos mirando ao chan, e ao fin conseguiu que pedise perdón polo dano que levaba feito, ordenándolle o crego que ata onde se oíran as campás daquela parroquia non volvería a facer das súas. E parece ser que ata o de agora foi cumprindo a palabra.

Nota da recompiladora:

Nubeiro: Home pequeno, co corpo cuberto de pelo, cun rabo longo e retorcido, que se sobe ás nubes, canto máis grandes mellor. Non deixa cousa con cousa, xa que son os causantes das treboadas de verán e doutros moitos estragos.

Ilustración: Anahí Ouro Blanco.

[Recompilación de Anahí Ouro Blanco, alumna de 2º de E.S.O. do I.E.S. de Palas de Rei (Lugo), curso 2005-2006, para o traballo escolar □Recuperación da literatura oral do concello de Palas de Rei□, coordinado polo profesor Toño Núñez]



BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Dicionario dos seres míticos galegos, [Nubeiro] Xerais, Vigo, 1999.